

Os animadores da prensa local (I)

XESUS TORRES REGUEIRO*

Como complemento ao noso estudo sobre a prensa betanceira (1) escomenzamos aquí a publicación dunhas breves biografías dos principais animadores dessa vella prensa local ao longo da sua dilatada andaina que vai de 1883 a 1956. Biografías de urxencia que non pretenden ser exhaustivas senón un achegamento á personalidade, inquietude e actividade destes personaxes, para saber un pouco máis deles e da nosa historia más próxima.

Compre sinalar que non están todos os que son. De moitos deles descoñecemos datos ou a biografía mínima e agardamos que nun futuro próximo se saiba algo máis da sua personalidade e da sua participación nos periódicos e na vida local.

No presente traballo limitamonos a presentar aos máis coñecidos e a aqueles dos que podemos recoller datos biográficos a través de fontes ben variadas, especialmente aos que asumiron tarefas de dirección ou levaron a maior parte do peso dalguna das diferentes publicacións e aos que tiveron unha traxectoria e dedicación xornalística máis dilatada colaborando en varias publicacións ao longo do tempo. Algunxs leitores —sobor de todo os coñecedores do xornalismo e a historia local ou ben os descendentes daqueles xornalistas— botarán en falla algúns nomes relacionados coa prensa betanceira. En todo caso, a nosa escolma biográfica non obedece máis que ás carencias xa citadas, sen menoscabo de que máis adiante se poida voltar sobre o tema e reivindicar a actividade xornalística de moitos personaxes case descoñecidos hoxe.

Ao falarmos de xornalistas locais temos de fuxir de calquera idea que poidamos ter sobre a condición do periodista actual, incluso do xornalista profesional e malpagado de outrora. O xornalista da prensa local, rural ou vilega, éo en tanto ten que ver —ben fundánda, dirixindo, redactando ou colaborando nela— cunha publicación determinada. Mais, en ningún caso vive dessa dedicación nem percibe cantidade algúnhia por mínima que sexa. As veces, moitas veces, incluso terá de afrontar co seu propio peculio o déficit da publicación. O desinterés de moitos destes animadores fica patente nos exemplos dun Xoán Ponte Blanco que morre na miseria despois de dirixir varios semanarios; dun Bernaldo Boni, o impresor que financia varias publicacións saídas do seu obradoiro e que terá que emigrar a Cuba; dun Adolfo Vázquez, director e propietario dun diario e que rematará marchando a Sudamérica, ou dun Xosé Bartolomé que se verá obrigado a buscar en Castela un traballo que se lle nega na súa vila polos poderes locais que critica e diante dos que rematará claudicando para conseguir o regreso anceiado.

Non é o xornalista local, polo tanto, un xornalista no senso profesional e estricto do termo. O cal tampouco impide recoñecer a calidade de moitos deles. Os que fan os periódicos en Betanzos son ensinantes, avogados, comerciantes, estudantes de carreiras varias, notarios, empregados, xuices, médicos, propietarios, músicos..., persoas cunha profesión e cunha formación máis que discreta. O dirixir, redactar ou escribir un periódico é unha actividade de tempo libre e lecer e, en non poucos casos, vai acompañada dunha inquedanza literaria e/ou política.

As máis das veces o colaborar na prensa local, sobor de todo naquelas publicacións enfrentadas ao poder local e nas épocas de coexistencia de duas ou varias publicacións rivais, acarrea non poucos problemas e disgustos. Neste último caso a descalificación e a desacreditación do contrario é o obxectivo a perseguir, chegando á sátira dura e feroz e ao insulto. Así un semanario é calificado —mellor dito, descalificado— polo seu rival de «vergüenza, baldón e ignominia», mentres que outros son chamados «escupidera inmundia», «orinal», «papelucio despreciable» e outros piropos. Outras veces a descalificación da publicación faixe alterando satíricamente o nome do ribal, de xeito que *La Defensa* viña a ser «*La Ásofia*» e tamén «*La Ofensa*» para *La Aspiración* que á sua vez era alcumada por aquela como «*La Adefesia*». Cando o enfrentamento e rivalidade persoal ou política se tornan belixerantes nem siquera o seudónimo ou o artigo anónimo serven de escudo diante do rival quen na inmediata resposta presume coñecer á personalidade agachada. O implacábel «Tristán Penanegra» de *La Defensa*, por exemplo, ven a ser para *La Aspiración* «Don Vitre» ou «Negrápene» e tódolos seus leitores saben que se refire a don Vitor Naveira. Do mesmo xeito que era de dominio público a paternidade de seudónimos como «Patrício Gamarra», «El Bachiller Hungarello», «G.A. Fidel», «Mala Racha» e tantos outros. Claro que o xornalista agachado tras dun seudónimo non sempre era recoñecible —polo menos non o é hoxe— conseguindo pasar un tanto desapercibido. Quen era, por exemplo, o «Pirámide, ciudadano pacífico» de *El Brigantino* ou «El Vizconde Rubio» de *La Defensa*?

(*) Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor de Ensino Xeral Básico e investigador de temas históricos dos S. XIX e XX.

(1): *A prensa betanceira (1883-1956)*, en Anuario Brigantino nº 6 (1983), nº 7 (1984) e nº 8 (1985).

As veces os enfrentamentos entre xornalistas rivais acadaban a categoría de cuestións de honor con formación de tribunais de honor como o que dirímu a cuestión entre Adolfo Vázquez Gómez e Xosé García Acuña, quen terá que rectificar en *El Valdonceo* as injurias que dirixira o primeiro. Tampouco eran raros os procesos por injurias cando non había avenencia e acordo, temperamentos más belicosos, ao sentirse lixugados, podían reclamar formalmente un «duelo de primeira sangre» que ás veces ficaba no simple reto amañando os padriños pacíficamente o lance director de *El Pueblo* acusado de ter perdido a palabra de honor desde que se metera a xornalista. Estaba disposto a probarlle ao autor do solto publicado no semanario rival «en cualquier momento y lugar que su honor permanecerá siempre incólume». A outro xornalista o recordarán tempo despois a sua cobardía por non ter acudido no seu momento a un lance de honor concertado na Alameda por mor de algo que escribira contra outra persoa. Feitos desta caste eran bastante frecuentes na nosa prensa dos anos de entreséculos.

Dalgúns dos xornalistas biografiados escolmamos algúns artigos ou treitos de colaboracións más longas, que poden dar ao leitor unha idea —pequena e fragmentaria, desde logo— do estilo e inquietanzas xornalísticas —moitas veces tamén culturais e políticas— de cada un destes, así como os intereses que impulsaban e defendían os periódicos locais e da problemática que se vivía na vila en cada época. Doutros xornalistas resulta difícil localizar textos seus xa que, pese a ter colaborado arrebo nos periódicos locais, non adoitan asinar as suas colaboracións ou deixar agáchanse tras seudónimos difícilmente recofecíbeis. Así, por exemplo, nalgúns periódicos como *La Libertad*, *Las Mariñas*, *el Bando*, *El Mandeo*... (2) non aparece prácticamente nen unha sinalización con nome e apelido que permita adxudicar claramente a paternidade dos artigos, colaboracións a algúnn concreto, tendo que intuir ás veces —ben polo estilo ou polo contido— que pode ser o autor ou escribidor. Por exemplo, sábese por referencias que *El Escobón* é escrito na sección totalidade por Fernando García Acuña, o seu director e fundador, ao igual que *El Brigantio* é na sua maior parte da autoría dos irmáns Martínez Santiso. Ainda así neste último, tamén aparece a sinatura «Br. Ramnizet», que é unha transmutación de «Bachiller Martínez», non estando claro a cal dos tres irmáns pode corresponder. As colaboracións ou artigos de fondo que incidían na rivalidade persoal, na loita política local e nas críticas ao caciquismo e ao poder municipal, tampouco adoitan asinarse, aparecendo como anónimas ou como presunto «editorial», para eludir responsabilidades ou respostas —cousa que non sempre se consegue como xa vimos— que poideran enturbiar a convivencia diaria.

Por outra banda, tampouco se atopan completas as coleccións de publicacións locais existentes no Arquivo, impedindo a reproducción de moitos artigos interesantes dos que tem referencias indirectas. Outras veces é o mal estado ou mutilación dalgún exemplar o que o impide. Pola contra deixamos fora da escolma textos e artigos asinados, ben por carecer de interese para o lector ou por tratar temas demasiado xenéricos. De todos os xeitos os artigos e textos escolmados coñecemos ben os obxectivos de que falamos, ao tempo que o feito de sacalos do esquecemento e o seu soporte primitivo, dándolos a coñecer, fai dalgúns deles unha fonte non despreciable para os traballos posteriores sobre a nosa cidade (3).

OS PRINCIPAIS ANIMADORES

ROQUE PONTE PEÑA

Vales Villamarín deixou o seguinte apunte biográfico deste personaxe:

«Roque Paulino Ponte veu ao mundo o 22 de xuño de 1859 no veciño concello de Bergondo, lugar de Mariñán, nas proximidades do pazo do mesmo nome, morrendo en Madrid no 1923. Era fillo de Antonio de Ponte, natural asimesmo de Bergondo, e de Rosa de la Peña, de San Xoán de Callobre, matrimonio que tiña grande prestixio en toda a comarca mariñana.

Aprobou na Universidade de Santiago varios cursos da licenciatura de Leis, carreira esta que non chegou a rematar, por causas que desconocemos; exerceu o ensino no Colexio-Instituto de Betanzos, centro de carácter oficial, e foi criador, no 1894, cun seu cuñado, o enxeñeiro López Cortón, da primitiva fábrica de electricidade da cidade do Mandeo. Cultivou varios xéneros literarios, sobresaindo na poesía».

Non está claro que o lugar de nacemento de Roque Ponte fuera Mariñán, habendo persoas

(2) No momento en que fixemos o noso estudo sobre a prensa local non existía no Arquivo Municipal ningún exemplar desa edición. Hoxe, afortunadamente, conta o Arquivo con duas coleccións en moi bon estado. Ogalá pouco a pouco se vaian cubrindo pequenas lagoas que ainda hai con novas aportacións.

(3) Deixamos fora desta escolma algúns interesantes artigos aparecidos en *El Censor* por terse publicado recentemente (1983) una edición facsimil desti periódico con motivo do seu centenario.

que afirman ter escoitado que Roque Ponte tiñado en Pisón ou en San Cidre, lugares ambos do concello bergondés e próximos a Betanzos. De feito, en 1891 o diario *El Mendo* daba a noticia de que Roque Ponte atopábase na sua finca de San Cidre convalecendo dunha ferida producida por arma de caza.

Afeizado ao teatro, na sua xuventude tivo sido promotor de espectáculos teatrais na localidade, xuntamente coa familia Alfonsetti, mesmo intervindo como actor en varias representacións.

Con vintacatro anos funda e dirixe o primeiro periódico que viu a luz en Betanzos, *El Censor* (1883-84) «periódico semanal de intereses materiales, noticias y anuncios». Nesta etapa está a cursar en Santiago os estudos de Dereito que deixaría inacabados. Por este motivo viaxa a Compostela varias veces, assumindo moentáneamente a dirección do periódico os redactores Manuel Vaamonde Ponte, Severo Ares e Xusto Contas Illá. Non obstante, Roque Ponte segue a figurar como director na cabeceira de tódolos números.

Ao desaparecer *El Censor* foi director de *La Libertad* (1886) «periódico republicano inde-

pendiente», que sostivo fortes enfrentamentos co tradicionalista *Las Mariñas*. Posteriormente colaborará nos semanarios *Las Riberas del Mendo* (1889) e *El Progreso* (1900-01) e no diario *El Mendo* (1890-91). Neste diario publicouse en folletín a «Historia del Imperial Monasterio de Monfero...», correspondendo as notas á autoría de Roque Ponte, o que revela a sua faceta erudita.

Boa mostra da sua inquietude e posicionamento ideolóxico é a orientación das duas publicacións que el dirixiu: anticacismo, republicanismo progresista, laicismo. Con relación a estas posicións compre destacar, ainda que sexa como anécdota, a sua asistencia á asamblea aberta da constitución da Sociedade de Labradores e Xornaleiros de Betanzos, no remate da cal pide a palabra e «elogia las ideas socialistas, en todo lo que estas tiendan a la mejora del obrero» (Vx. *El Pueblo*, 31-I-1901).

O feito de que o seu pasamento acaecera en Madrid pode indicar que nos últimos anos da súa vida se radicara na capital do Estado xa que non hai indicios da súa presencia en Betanzos nesa etapa.

BIBLIOGRAFIA:

VALES VILLAMARIN, F. «Prensa brigantina: *El Censor*», en *La Voz de Galicia*, 10-II-1982.

FERNANDO GARCIA ACUÑA

Naceu en Macuriges, provincia de Matanzas, na Cuba colonial, no ano 1861. Sendo moi neno veu para Betanzos cos seus pais, vivindo na Rúa Travesa.

Ademais de Xosé —xornalista, escritor e diplomático que acadou moita sona—, sabemos da existencia doutros tres irmáns de Fernando, de nomes Demetrio, Rafael e Xoana.

Non temos noticia do pai de Fernando. Posibelmente fora un de tantos emigrantes a Cuba, de orixe galega, onde coñeceu á súa muller Xoana Acuña. Esta señora cubana morreu en Madrid, onde vivía, en 1897, sendo xa viúva e sobrevivindo ao seu fillo Fernando.

A súa dupla condición galego-cubana expresa Fernando nestes versos:

*j'América doum'a lus
Pr'os ollos d'a miña cara,
E Galicia, esta Galicia
D'aouma pr'os ollos d'a y-alma!*

Descoñecemos si Fernando desempeñou algúnta actividade profesional en Betanzos. Nun periódico local da época fálase del como «licenciado en medicina y cirugía». Tamén nun poema que Fernando dedicou ao médico Ramón Peón refírese a este como «colega». E, pois, posibel que exercera como tal, cousa que o profesor Miguez deu por certa nunha recente conferencia sobre os García Acuña.

Fernando casou en Betanzos e tivo polo menos un fillo, que levaba o nome do pai e



Fernando García Acuña

tamén fixo os seus «pinitos» poéticos, e unha filla.

Con vintedous anos figura na redacción de *El Censor* (1883-84), sendo polo tanto un dos precursores do xornalismo betanceiro xunto

con Roque Ponte. Fundou e dirixiu os semanarios locais anticacíquís *El Escobón* (1888) e o seu continuador, *Las Riberas del Mendo* (1889), que foron moi fustigados e perseguidos polos políticos e personaxes que acaparaban o poder político na localidade, a causa da sua defensa das liberdades populares contra das veleidades e inxusticias caciúis, até o punto de ter que sair estas últimas publicacións con enderezo no vicioño axuntamento de Bergondo para eludir a censura municipal, obligatoria por aqueles anos. Foi redactor tamén do semanario republicano *La Libertad* (1886), que dirixía o seu amigo Roque Ponte, e colaborador esporádico dos diarios *El Valdoncel* (1890) e *El Mendo* (1890-91).

En *El Censor* e demais publicacións locais nas que colaborou, Fernando García Acuña alterna o periodismo combativo e anticacíquil con poemas románticos tardios, como querendo demostrar que política e poesía, ainda que sexa romántica, non están necesariamente enfrentados. Seudónimos como «F. Cornetín» e «Fernán», empregados en *El Censor*, parecen corresponder, como moita probabilidade, a Fernando.

No Certame literario da Coruña de 1885 o seu poema «A Rosalía Castro» mereceu «men-

ción honorífica», no mesmo ano da morte da inmortal poeta. Outras mostras do seu quefacer literario e poético atópanse en publicacións literarias da época, como *O Tío Marcos da Portela*, *O Galiciano*, *Galicia Humorística*.

Froito desta actividade literaria é o libro bilingüe «Orballeiras», publicado en Betanzos no 1887. Nel recolle trinta e catro poemas, dazaséis en galego e dazaoito en español, algúns deles xa publicados en periódicos betanceiros e galegos. Ainda sendo profanos na materia, podemos salientar o carácter romántico de corte becqueriano dos seus poemas en castellano e o tono costumista, moralista e ás veces tamén romántico dos poemas galegos.

Fernando García Acuña morreu en Betanzos o dazaséis de xaneiro de 1895. Atópase soterrado no cemiterio betanceiro, tal como desexaba e deixara escrito nun poema:

Que m'enterren n-as Mariñas

Cando morra, tan só quero,

Qu'é o mesmo que si tivera

A tomba n-o mesmo céo.

Despois da sua morte, a sua figura ficou no esquecemento até os últimos anos, en que escomenzou a ser reivindicado por Vales Villamarín e X.A. Miguez.

BIBLIOGRAFIA:

- CARBALLO CALERO, R. «Historia da literatura galega contemporánea. 1808-1936». Vigo, 1981. 3^a ed., pax. 459-460.
 COUCEIRO FREIJOMIL, A. «Diccionario bio-bibliográfico de escritores», t. Santiago, 1951-54.
 GARCIA ACUÑA, F. «Orballeiras. Versos sin o retrato d'o autor c'un prólogo de D. Vitorino Novo e García». Betanzos, 1887. Imp. de A. Amendo Ponte, Praza do Campo, 7.
 MIGUEZ, J.A. «Cien años de periodismo local (1883-1983)», en Anuario Brigantino, nº 6. Betanzos, 1983... «Hombres de antaño Fernando García Acuña, periodista y poeta brigantino», en Anuario Brigantino, nº 8. Betanzos, 1985.
 VALES VILLAMARÍN, F. «Dos eidos antillanos ás saudosas veigas mariñas. Perfil sínxelo dun xornalista exemplar», díptico se datar... Voz «García Acuña, Fernando», en Gran Enciclopedia Gallega, t. 15, pax. 162.

SEVERO ARES MANCERA

Naceu en Betanzos en 1858. Debeu emigrar a Cuba na xuventude. Polo seu poema «Al partir de Cuba para España. A Dios», datado na Habana o trinta de maio de 1883 e publicado no número oito de *El Censor* de quince de decembro do mesmo ano, sabemos que voltou a Betanzos na primavera de 1883.

Xa en Betanzos, ten enviado algunha colaboración ao semanario *El Eco de Galicia*, que se publicaba na Habana a finais de século e se considera o decano da prensa galega en América. Así, no número 45 (seis de maio de 1883) aparece unha sua «Carta», na que fai un panexírico de Betanzos, en desagravio aos xuiños que outro señor verterá anteriormente sobre a vila na mesma publicación. Nunha «Carta de Galicia», no número 87 (corresponde ao vintecastro de febreiro de 1884), daba a nova da fundación de *El Censor* ademais doutras melloras urbanísticas e comerciais que se estaban a realizar en Betanzos.

En *El Censor* (1883-84) escribe artigos de fondo, fai crítica de teatro e publica algúns

poemas. Curiosamente, o único traballo en galego que apareceu nos dazaoito números da publicación é o seu poema «A unha nena nas veiras do río Mera. Recordos», que debe ser unha excepción dentro da sua producción literaria. No semanario desenrolará ademais tarefas burocráticas ao facerse cargo da administración do periódico, cando este vai polo seu número oito, ou tamén cando, no número catorce, asume interinamente a dirección por ausencia de Roque Ponte, que ía a Santiago para proseguir os estudos.

As duás semanas anunciase que Severo Ares deixa a dirección de *El Censor* «por motivos de delicadeza». No propio semanario explícase o delicado motivo: «Esperando éste que sus escritos no hicieran perder la condición que encierra el título de aquel, escribía con valor, pero con prudencia y justicia: circunstancias que al ser atacadas por algunos con caprichosos apasionamientos, creyó más plausible separarse de la dirección de *El Censor* antes de ver trocado este título por el de *El Adulador*.

Efectivamente, un «Comunicado» publicado con posterioridade, e asinado por varios

pectadores, amosa disconformidade coas críticas e xuiños teatrais de Severo Ares, quen ao parecer facía honor ao nome. Mais é posíbel que a disconformidade deste sector de viciños non fora únicamente coas crónicas teatrais.

Posteriormente colaborará no semanario *Las Riberas del Mendo* 1889 e nos diarios locais *El Valdoncel* (1890) e *El Mendo* (1890-91), empregando algunas veces o seu dónimo «Pé de pote». Neste último diario publicou unhas curiosas semblanzas de anónimos personaxes públicos da localidad que o leitor tiña que adiviñar polas suas características. A rivalidade que mantiveron os dous diarios citados nos escasos meses que coexistiron (dous diarios nunha vila como a nosa!) constátase nun poema que Severo publicou en *El Mendo* e que comenza deste xeito:

*En los presentes momentos
De Betanzos al través,
Se afana constantemente
Todo el mundo por saber
Cual es el mejor periódico
Si es El Mendo ó El Valdoncel*

Outra das facetas constatadas de Severo Ares, coñecido popularmente por «don Severito», está relacionada coa sua vocación literaria como autor de apropósitos carnavalescos. Foi tamén un grande animador da vida social do Liceo Recreativo, participando cos seus traballos literarios nas veladas desta sociedade.

Severo Ares Mancera morreu en Betanzos o dazasete de xaneiro de 1913 por mor da gripe, aos 55 anos de idade, segundo noticia do semanario *Nueva Era*.

CONSTANTINO ARES MANCERA

Perito agrícola betanceiro, irmán do tamén xornalista e escritor Severo Ares. Foi membro das sociedades Tertulia-Circo e Liceo Recreativo.

Xunto co seu irmán foi redactor do primeiro periódico local, o semanario *El Censor*.

(1883-84). Ademais de xornalista está constatada a sua faceta de poeta e escritor, como reflexa unha crónica local do Bachiller Hungarello no xornal coruñés *El Diario de Galicia* en 1893: «dos trabajos suyos leyó también nunha velada no Liceo/ don Constantino Ares, ya conocido como literato». No mesmo xornal publicáranse os traballos citados.

HIPOLITO CODESIDO SANCHEZ

Avogado, oficial primeiro de Facenda e xornalista, fillo do médico Antonio Codesido Veis e de Xosefa Sánchez Pérez que se atopan soterrados no cemiterio de Betanzos.

A finais de século a sua familia, orixinaria de Arzúa ou Melide, atópase en Betanzos, onde Hipólito exerce a avogacía ao tempo que desempeña as funcións de director do semanario *Las Mariñas* (1886-1893), que financiaba o coengo e xornalista betanceiro Agustín Corral Golpe, na sua primeira época. A este semanario Codesido imprimiuille a sua impronta e ideología católica-tradicionalista, patente na sua longa militancia carlista.

Outra actividade destacada de Codesido en Betanzos foi de organizador e animador dos Xogos Forrais de 1886 e 1887, os primeiros que se celebraron en Betanzos, promovidos polo semanario que el dirixía.

Cesará na dirección de *Las Mariñas* a finais de 1888 cando marcha a Arzúa para poñer un bufete de avogado.

Na derradeira década do século atopámolo

afincado en Pontevedra, dirixindo a publicación católica *Galicia Recreativa* (1890-92) e os periódicos carlistas *El Criterio Gallego* (1893) e *El Ancora* (1897).

En 1898 comenza a crear sindicatos e sociedades agrarias de orientación católica, laboura na que tivo unha importante e polémica actuación, sendo procesado a causa da sua intemperancia ideolóxica.

O seu traballo «Estado actual de la agricultura en Galicia y medios que deben emplearse para mejorar sus condiciones a fin de aumentar los productos de la misma» foi premiado nos Xogos Forrais de Betanzos de 1901 e publicado en Pontevedra no 1910 con prólogo de Salvador Golpe. Nel expón a sua concepción do problema agrario e, a decir dos estudosos do tema, é de moi escaso interés. E autor tamén dunha «Guía general de la provincia de Pontevedra».

O semanario local *Betanzos liberal*, no seu número quince, daba noticia da sua morte, acaecida en Teruel no ano 1914.

Un seu irmán, Xosé Codesido Sánchez, foi médico en Betanzos —como tamén fora seu pai— até os anos coarenta.

BIBLIOGRAFIA: DURAN, J.A. «Agrarismo y movilización campesina en el país gallego (1875-1912)». Madrid, 1977, páx. 106-108.
VOZ. «Codesido Sánchez, Hipólito», en Gran Encyclopédia Gallega, t.6, páx. 235.

OSSORIO Y BERNARD, M. «Ensayo de un catálogo de periodistas españoles del siglo XIX». Madrid, 1903

MANUEL MARTINEZ SANTISO

Naceu accidentalmente en Lugo —onde se atopaba a sua nai Vicenta Santiso Seoane— en 1856, no seo dunha familia betanceira acomodada e de ambiente culto que vivía na casa número quince dos Soportais do Campo. O pai, Manuel Martínez Vega e López, era licenciado en Medicina e Ciruxía e os seus irmáns menores, Xesualdo e Francisco Xavier, foron tamen homes de letras e artistas.

Foi colaborador dos semanarios locais *El Censor* (1883-84), *El Brigantino* (1888-89) —dirixido polo seu irmán Xesualdo— e *Nueva Era* (1912-13), seguramente coincidindo coas etapas nas que viviu en Betanzos.

Nun primeiro momento emprega os dous apelidos maternos, asinando Manuel Martínez Seoane-Santiso. Posteriormente decantarase por Santiso, suprimindo Seoane.

E autor dunha «Historia de la ciudad de Betanzos», datada en Pontedeume onde exercía a avogacía, e dedicada ao seu amigo Roque Ponte, publicación que atravesou unha serie de vicisitudes. Escomenzou a publicarse mensualmente en *El Censor* como suplemento do periódico en prego aparte. Así o anuncia o semanario no seu número un: «Mensualmente y como regalo a nuestros suscriptores publicaremos además del número correspondiente, una hoja suelta de la Historia de Betanzos, debida a la galana pluma de nuestro querido amigo y colaborador, el joven jurisconsulto Sr. Martínez Seoane. Dadas las notables cualidades que, como escritor, adornan al Sr. Martínez, no dudamos será del agrado de nuestros lectores tan interesante obra». Efectivamente, ao pouco tempo *El Censor* recollía os parabens dos colegas coruñeses e santiagueses pola publicación do traballo «de alto valor regional» e decidía publicalo semanalmente no corpo do propio periódico en forma de folletín colecciónable. Como queira que *El Censor* non pasou do número dazaoito, o folletín ficou incompleto. Pouco despois o semanario *Las Mariñas* continuaria a publicalo.

En 1892 imprimíase no obradoiro de Castañeira e poñíase á venda o volume I da «Historia de la ciudad de Betanzos» na sua edición definitiva. Un segundo volume previsto, co título «Descripción de la ciudad y sus monumentos», non chegaría a publicarse.

Na segunda mitade do século XIX proliferan as historias localistas: a da Coruña, de Vedia y Gossens; a de Ferrol, de Montero Aróstegui; a de Pontevedra, de González Zúñiga; a de Vigo, de Taboada Leal; a de Tui, de Avila y La Cueva, ...ou a betanceira de Santiso. Característica común a todas elas é o recurso á mitoloxía e a falla de método riguroso e científico. Con todo, cumpriron un papel importante, sementando o interés polo pasado e recuperando documentos e datos que, de seguro, teríanse perdido.



Manuel (de pie) e Xesualdo Martínez Santiso. Introducción á «Historia de la Ciudad de Betanzos» (1892) de Manuel, editada en facsímile en 1987

dade en C
Manu
extremad
rias cofra
sua prime
moderado
nal obrigo

BIBLIOGR
COUCEIRO
ERIAS MA
facsimile.
VOZ. -Mar
sua condicid
accidentalid

XESUALDO

Son
home qu
que debe
que a d
Xavier.
Cola
cando u
Betanzo
afeizón
grande
elabora
Diri
(1888-8
irmáns

FRAN SANT

Nac
médico
que ha
local. I
academ
1905 f
da Re
polos s
da sua
artístico

Ho
plástic
na loc
recoñe
tos pa
debux
artista

Co
Galici
cos se
(1888
gales»
poétic

Nese mesmo ano de 1892, Martínez Santiso pasa polo amargo trance da morte da muller Dolores Barros Rodríguez, e dunha filla de oito anos (os dous pasamento no mesmo mes), segundo noticiaba o periódico local *Las Mariñas*. Un ano despois casará de novo cunha muller de Pontedeume. Froito dos dous matrimonios foron oito fillos, catro coa primeira muller e outros tantos coa segunda.

Nese intre exercía de xuíz municipal en Betanzos, cargo do que quedará cesante uns anos despois, vítima das típicas cesantías políticas da época. O xornalista local El Bachiller Hungarelo faciase eco desta destitución na sección que mantinha nun xornal coruñés: «Entre las personas sensatas y ajenas á la política ha sido de muy mal efecto que se anulara el nombramiento de juez municipal hecho a favor del aspirante a la judicatura D. Manuel Martínez Santiso» (*El Diario de Galicia*, 16-VII-1895). O mesmo corresponsal daba noticia pouco tempo despois do nomeamento de Martínez Santiso como rexistrador da proprie-

dade en Ordenes.

Manuel Martínez Santiso debía ser home extremadamente católico —foi membro de varias cofradías relixiosas e presidiu algunha na sua primeira etapa en Betanzos— e de talante moderado e conservador. A carreira profesional obrigouno a alonxarse de Betanzos e a levar

unha vida itinerante, exercendo de xuíz na Fonsagrada, Ponte Caldelas, Ribadavia, Padrón e Falset (Tarragona) e como fiscal en Pontevedra, Ourense, Barcelona e Lugo. A sua carreira profesional rematouna como maxistrado da Audiencia da Coruña, cidade onde finou en 1928 aos 71 anos de idade.

BIBLIOGRAFIA:

- COUCEIRO FREIJOMIL, A. «Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores», t. Santiago, 1951-54.
ERIAS MARTÍNEZ, A. «Introducción» a «Historia de la ciudad de Betanzos por Manuel Martínez Santiso». A Coruña, 1987. Edición facsímile.
VOZ. «Martínez Santiso, Manuel», en Gran Enciclopedia Gallega, t. 20 (Aqui chamaselle «magistrado lucense», seguramente pola sua condición de presidente da Audiencia de Lugo nunha etapa da sua dilatada carreira profesional ou, cecáis, aludindo á accidentalidade do seu nacemento).

XESUALDO MARTINEZ SANTISO

Son escasos os datos que coñecemos deste home que naceu en Betanzos arredor de 1860 e que debeu ter unha vida pública menos notoria que a dos seus irmáns Manuel e Francisco Xavier.

Colaborou en *La Libertad* (1886), publicando unha «Galería de hombres célebres de Betanzos» que asinaba coas iniciais J.M.S. Esta afección á erudición de Xesualdo debeulle ser de grande axuda ao seu irmán Manuel para a elaboración da sua Historia de Betanzos.

Dirixiu o semanario *El Brigantino* (1888-89), empresa que levou a cabo cos seus irmáns Manuel e Francisco Xavier. Neste se-

manario Xesualdo publicou un estudo sobre do partido xudicial de Betanzos, da sua autoría. Nos seus últimos números *El Brigantino* imprimiase no obradoiro de «Jesualdo Martínez», tal como figura no pé de imprensa do semanario, sendo esta a única noticia que temos sobre esta imprensa. Pode tratarse da de Amenedo Ponte que pasaría a rexentar Xesualdo durante un tempo.


Xesualdo vivía na casa paterna, Soportais do Campo nº 15, onde tiña unha tenda de «coloniales extrangeros y del Reino» e que facía as veces de redacción e enderezo do semanario que dirixía. A finais de século exercía de empregado de Correos en Betanzos e en 1895 era trasladado á estafeta de Arzúa.

FRANCISCO XAVIER MARTINEZ SANTISO

Naceu en Betanzos en 1868, fillo menor do médico Martínez Vega, no seo dunha familia que había ter grande importancia na cultura local. Imparteu o ensino en diversos colexios e academias locais, en Tenerife e en León. En 1905 foi nomeado académico correspondente da Real Academia Gallega, suponemos que polos seus méritos artísticos. Nos últimos anos da súa vida exerceu o cargo de asesor técnico artístico do concello de Betanzos.

Home polifacético, moi amante das artes plásticas, foi un dos precursores da fotografía na localidade ademais de pintor e debuxante reconñecido. E autor tamén de planos e proxectos para varias obras na vila. Nas suas clases de debuxo e pintura iniciaronse un bo número de artistas e afeizoados locais.

Colaborador e corresponsal de *La Voz de Galicia* durante un tempo, redactou —xunto cos seus irmáns— o semanario *El Brigantino* (1888-89), publicando algúns artigos e «Madrigales» nos que daba renda solta á sua vea poética. Segundo a súa filla Rosina, colaborou



Francisco Xavier Martínez Santiso. Anuario Brigantino, 1983

tamén nos semanarios *Las Mariñas* e *El Mandeo*, na *Revista Social Betanzos* dos betanceiros emigrados en Buenos Aires e en varios programas de festas.

Unha biografía máis completa deste interesante personaxe, así como algunas das suas

BIBLIOGRAFIA:

MARTINEZ BARRAL, R. «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934). Notas biográficas», en Anuario Brigantino, n.º 1983.

XOSE GARCIA ACUÑA

Naceu en Betanzos en 1872. Estudou Dereito e ingresou na carreira diplomática, exercendo de cónsul en varios países. Home polifacético e de ampla cultura (xornalista, novelista, ensaísta, tradutor, diplomático, dinamizador un tempo dun movemento político de corte rexionalista e agrario...) que acadou naquela época un singular relevo como xornalista e diplomático, escomenzou a sua relación co xornalismo na prensa betanceira.

Moi precozmente colabora algún tempo nos semanarios *Las Riberas del Mendo* (1889) e *Las Mariñas* (1886-93) con traballos de corte literario. O primeiro dirixiño o seu irmán Fernando, probabel impulsor desta inicial inquedanza xornalística e literaria de Xosé. Posteriormente a sua vida pública e profesional desenrolárase fora de Betanzos e no extranxeiro, perdendo o contacto coas publicacións locais.

Na Coruña, ademais de colaborar noutras publicacións, foi xerente e director de *El Noroeste*. Asimesmo figura no consello directivo da prestixiosa revista *Alfar* que se publicou na Coruña na década dos vinte. Colaborou tamén en importantes publicacións de Madrid e en xornais de Cuba e México.

Das suas obras compre destacar o ensaio «Idearium Regionalista. Esquema sintético de la evolución regionalista ibérica» (A Coruña, 1925), analizado recentemente polo profesor Miguez, e a novela «La Mariñana» (Lugo, 1924), esta más que polos seus valores literarios e argumentais polo carácter costumista e etnográfico da obra, ambientada en Betanzos e arrededores.

Para un mellor coñecemento da sua complexa biografía poden verse os traballos de Miguez e Alberto Vilanova, citados na bibliografía.

Xosé García Acuña morreu na Coruña en 1933 e atópase soterrado en Betanzos.

BIBLIOGRAFIA:

MIGUEZ RODRIGUEZ, J.A. «Hombres de antaño. El ideario regionalista de José García Acuña», en Anuario Brigantino, n.º 1986.

VILANOVA RODRIGUEZ, A. Voz «García Acuña, José», en Gran Encyclopédia Gallega, t. 15, pág. 163.

obras, pode verse no traballo que a sua filha Rosina publicou no Anuario Brigantino en 1983.

Francisco Xavier Martínez Santiso morreu na súa vila natal en 1934, deixando tres fillos do seu matrimonio con María Barral Bello.



(Deb. de Cebreiro.)

Xosé García Acuña, por Cebreiro. Anuario Brigantino, 1951